



MOCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO XL ANIVERSARIO DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo ano cumpríranse corenta anos desde aquel 6 de decembro de 1978, día en que o pobo español, cun 88% dos votos, deu o seu respaldo ao proxecto de Constitución aprobado polas Cortes Xerais, elixidas democraticamente o 15 de xuño de 1977, unha data digna tamén de recordo, homenaxe e recoñecemento.

Con exemplar responsabilidade e sentido construtivo, os españois dotámonos dunha norma constitucional que proclama no seu artigo 1 o principio fundamental do noso sistema de convivencia política, ao afirmar que “España se constitúe nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”.

A etapa vivida no noso país ata chegar a ese 6 de decembro de 1978 constitúe, sen dúbida, unha das etapas máis fascinantes da nosa Historia contemporánea e continúa sendo, a día de hoxe, referente e modelo para outros países que transitan dun réxime autoritario a unha democracia sólida, baseada no imperio da lei, a participación democrática, o pluralismo político e a defensa dos dereitos fundamentais e liberdades públicas.

O amplo consenso entre as forzas políticas da época, tan dispares nas súas formulacións ideolóxicas previas, son a mellor proba da enorme xenerosidade de todos en aras a lograr o acordo, defender o ben común e superar os enfrontamentos do pasado, remando todos na mesma dirección, co fin de converter España nunha democracia moderna, recoñecendo, ademais, o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre elas, tal como proclama o artigo 2, e a propia autonomía local.

Os esforzos por buscar puntos de confluencia e a capacidade de antepoñer o sentido de Estado ás lexítimas aspiracións dos partidos políticos deron como froito unha Constitución que lle permitiu a España consolidar o seu réxime democrático e progresar en todos os ámbitos: crecemento económico, desenvolvemento social, igualdade e pluralismo.

Corenta anos despois, eses acontecementos e a madurez democrática demostrada merecen o recoñecemento das institucións e aconsellan que desde o Concello se impulsen e promovan aqueles actos de homenaxe que permitan aos españois celebrar aquela data histórica de 1978 e transmitir ás xeracións futuras ese espírito de concordia.



Recreando aquel histórico consenso pretendemos que o Concello de Santiago se sume á iniciativa conxunta do Congreso e do Senado para alcanzar o maior acordo posible para divulgar o contido da Constitución e, en definitiva, render homenaxe a quen fixeron posible que baixo o paraugas do noso texto constitucional, España poida superar enfrontamentos, dificultades e conflitos e que hoxe podamos presumir de ser unha das democracias máis prósperas e asentadas da nosa contorna.


Por todo iso, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte

MOCIÓN:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta:

- 1.- A súa adhesión aos actos conmemorativos que están promovendo e coordinando as Cortes Xerais para a celebración o 6 de decembro de 2018, do “Cuadraxésimo Aniversario da Constitución Española de 1978”, conforme ao acordado na reunión de Mesas conxuntas do Congreso e do Senado o pasado 20 de setembro de 2017.***
- 2.- A tal fin, solicita participar nos devanditos actos, así como asumir o compromiso de realizar, no uso das competencias propias, as actividades que se consideren oportunas, buscando a participación de toda a cidadanía.***
- 3.- Manifesta tamén o seu apoio ao Goberno da Nación en cantas actividades programe para esta celebración e a incorporación a cantos actos e actividades poidan ser apoiados e difundidos no noso municipio.***
- 4.- Dar traslado destes acordos ás Mesas do Congreso e do Senado, e á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno.***

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela